

## UN CERTO AUTORRETRATO

José Iges

Realicei ante o micrófono un labor profesional na radio durante moitos anos. Quizais por iso, como contrafigura, na *performance* realizada en Chámalle X 08 non dicía nin media palabra, pero había un micro, o que xeraba unha tensión ao propoñer unhas expectativas nunca resoltas.

En *Colección de abismos* líase, en todo caso, un texto onde se gozaba co paradoxo entre pedra e papel con rigor patafísico: «É máis lixeira unha tonelada de papel prensado ca un canto rodado? É máis pesada unha lei gravada en pedra ca unha calumnia impresa en papel?», podía escoitarse na voz gravada de Sandra Santana, que actuaba como a axudante do prestidixitador, se se me permite o símil. E efectivamente o meu traballo como *performer* adoita presentar algúns puntos de contacto coa maxia recreativa. Por iso a devandita *performance* iniciábase co acto de remover unha vasilla aparentemente chea de pedriñas —o son así o suxería— e logo, cando vertía sobre a miña cabeza o seu contido, o que caía eran boliñas de papel. Non deixaba de ser un proceso de transubstanciación e de feito toda a *performance* propoñía, con diferentes estratexias, a conversión da pedra en papel e viceversa. O citado proceso e o de construción dun espazo escénico son tamén evidentes no uso que fixen do son gravado nalgunhas pezas de concerto, como na serie *Music Minus One*. Nelas o/a solista ha de ser non só intérprete virtuoso senón personaxe teatral. A miña actitude como *performer* é tamén a de crear/compoñer un personaxe para o desenvolvemento das diferentes accións de que consta a *performance* (convén aclarar que eu a entendo como un conxunto coherente de accións unitarias). Sei que iso —o de compoñer un personaxe— pode levar a alguén a dicir que o meu é puro teatro, se se me permite a paráfrase, pois o *performer* debe, no mellor dos casos, representarse a si mesmo. Contra iso diría que as fronteiras agora mesmo xa non están tan claras e que isto é un territorio híbrido —unha arte intermedia— en que conflúen formatos e estratexias tomados da arte sonora, do teatro, das belas artes, da oratoria, da poesía, do concerto, da danza, do mimo etc.

O humor é clave en moitas das miñas *performances*, do mesmo modo que a noción de in situ o é en toda a miña obra —sexan concertos, *performances*, instalacións ou arte radiofónica—. En *Colección de abismos*, por exemplo, asistíase á presunta creación (irrisoria) de obxectos visuais mediante algunhas accións concretas... e non esquezamos que tiña lugar nunha facultade de Belas Artes. A circularidade e a autorreferencia é outro lugar común en non poucos dos meus traballos: na *performance* aludida manifestábase na relación paradoxal cruzada entre as accións visuais e os sons propostos, e na vinculación pechada duns e outros co que os textos enunciaban. Espellos, espellismos e especulacións.